

25 DE NOVIEMBRE

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A violencia contra as mulleres e as nenas segue sendo unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas e xeneralizadas do mundo. Calcúlase que, case una de cada tres foron vítimas de violencia física, psicolóxica e/o sexual polo menos unha vez na súa vida.

Trátase dunha secuela que se intensificou en diferentes contornas, incluídos o lugar de traballo e os espazos en liña, e viuse agravada polos efectos pospandemia, os conflitos e o cambio climático.

A violencia contra mulleres e nenas segue relativamente silenciada por un sistema que facilita a impunidade dos perpetradores, a estigmatización social e a vergoña que sofren as vítimas. Aínda que todas as mulleres, en todas partes do mundo, poden sufrir violencia de xénero, algunhas mulleres e nenas son particularmente vulnerables.

Exemplo delas son as nenas e as mulleres máis maiores, as mulleres que se identifican como lesbianas, bisexuais, transxénero ou intersex, as migrantes e refuxiadas, as de pobos indíxenas ou minorías étnicas, ou mulleres e nenas que viven co VIH e discapacidades, e aquelas en crises humanitarias, como é o caso actual da crise en Gaza, das que nos lembramos nestes días especialmente.

A violencia contra a muller segue sendo un obstáculo para alcanzar igualdade, desenvolvemento, paz, do mesmo xeito que o respecto dos dereitos humanos de mulleres e nenas. O que é máis, a promesa dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de non deixar que ninguén quede atrás, non poderá cumprirse sen primeiro poñer fin á violencia contra mulleres e nenas.

Por iso, dende o CPI de Atios, queremos berrar conxuntamente **BASTA XA!** Non podemos continuar así. Rapazas e rapaces, todos nós feministas, imos parar esta inxustiza.

E imos a facelo dende o noso ámbito. Como?
Non rindo chistes machistas.

Non alentando o discurso negacionista.

Non desculpando a rapaces ou homes que exercen ese tipo de violencia.

Non mirando para outro lado ante unha situación deste tipo e posicionándonos do lado da vítima.

Non soportando relacións de parella de control, onde nos revisan o móbil, as amizades, a forma de vestir...

E dicindo **NON!** E respectando os
NON! Nas mans de todas e todos
nós está. Atios berra: **NIN UNHA
MENOS, NIN UNHA MÁIS!**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal